



ensino

ANTE A CRISE
ECONÓMICA **CCOO**
ensino

*Máis orzamento en
Educación e Formación*

federación do ensino de
ccoo de galicia

INFÓRMATE INFÓRMATE INFÓRMATE INFÓRMATE INFÓRMATE INFÓRMATE

CCOO-Ensino en resposta ao correo que o conselleiro de Educación enviou ao profesorado quiere reafirmar o seguinte:

A Consellería non pode presumir de que o documento se presentou co obxectivo de propiciar o máximo consenso cando fai caso omiso das críticas que se fan dende o resto de partidos políticos, axentes sociais e organización sindicais, a Real Academia Galega, etc.

Desde a publicación do mesmo e, a través de declaracións á prensa, mantivéronse na liña de defensa do contidos das bases sen abrir vías de diálogo e sen formalizar un calendario de negociacións a pesares de que CCOO-Ensino procuramos esgotar todas as posibilidades de negociación antes de apoiar mobilizacións.

Non pode afirmar que garante o equilibrio entre as linguas oficiais cando o galego, ao estar en situación de desventaxa recoñecida por estudos sociolingüísticos, debe ser promocionado con actuacións de discriminación positiva.

Non pode apostar por un plurilingüismo efectivo partindo da introducción dunha lingua estranxeira como terceira lingua vehicular en pe de igualdade coas dúas linguas oficiais de Galicia. Isto constitúe un elemento distorsionador do debate lingüístico, ademais de ser inviable.

Non pode potenciar a participación das familias en decisións que lle competen á Administración educativa dentro das súas responsabilidades no fomento da normalización lingüística.

CCOO-Ensino chama a todo o profesorado a participar na folga do 21 de xaneiro.
POLO GALEGO NO ENSINO, O GALEGO É PATRIMONIO DE TODOS E TODAS!